



Donato de la Cruz

3º Educación Primaria

Día das letras galegas 2022



FLORENCIO M. DELGADO GURRIARÁN

BIOGRAFÍA

Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu na aldea de Córghomo, no concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras, o 27 de agosto de 1903. Era fillo de Florencio e Consuelo.

Estudou primaria e bacharelato en Palencia e Valladolid, cidades ás que foi destinado seu pai, que era profesor da Escola de Peritos Agrícolas.

En Valladolid fixo a carreira de Dereito e despois exerceu como avogado no Barco de Valdeorras.

Despois da Guerra marchou a México e alí casou con Celia, filla de emigrantes galegos e coa que tivo cinco fillos. No ano 1934 editouse o seu libro *Bebedeira*, con poemas dedicados á súa terra de Valdeorras.

En *Cantarenas* recóllense poemas de *Bebedeiras* e outros novos: *Valdeorrasas* e *Dionisias*. Foi publicado en 1981 por Edicións do Castro, de Sada (A Coruña).

Foi membro correspondente da Real Academia Galega e esta dedícalle o Día das Letras de 2022 pola súa contribución á defensa do noso idioma e da nosa cultura.



Os cinco irmáns. Á esquerda, coas mans no cinto, Florencio, con sete anos de idade.



Bebedeira, o primeiro libro editado por Florencio.



Florencio Manuel Delgado Gurriarán, con 49 anos.

QUE SABES DE FLORENCIO DELGADO?

1. A quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas? Pinta.

Xela Arias Castaño

Celso Emilio Ferreiro

Rosalía de Castro


Florencio Manuel Delgado Gurriarán

2. En que concello ourensán naceu Florencio Delgado? Completa coas vogais que faltan.


V L M R T ' N

D V L D R R S

3. E cal é o nome da parroquia onde naceu? Colorea.



4. Resolve este encrucillado relacionado coa biografía e a obra de Florencio Delgado.






HORIZONTAIS

1. País americano no que se exiliou Florencio.
2. Primeiro apelido do autor homenaxeado no Día das Letras 2022.
3. Nome da súa nai.
4. Estudos que fixo na cidade de Valladolid.
5. Profesión de Florencio.
6. Parroquia de Vilamartín de Valdeorras na que naceu.
7. Título do seu primeiro libro de poemas. Publicado en 1934.
8. Nome do pai.
9. Nome da súa muller.
10. En que mes naceu Florencio?

1. MÉXICO 2. DELGADO 3. CONSUELO 4. DEREITO 5. AVOGADO 6. CÔRGOMO 7. BEBEDEIRA 8. FLORENCIO 9. CELIA 10. AGOSTO

5. Recorta e compón este quebracabezas de Florencio Delgado.



6. Localiza nesta sopa de letras as palabras relacionadas coa biografía e a obra de Florencio Delgado que figuran no recadro e completa as frases usando algunha desas palabras.

**FLORENCIO CONSUELO CELIA DELGADO
CÓRGOMO VALLADOLID DEREITO
BEBEDEIRA MÉXICO MANUEL AGOSTO**

**F A Ñ Q R W P D H T S
L F U G D E R E I T O
O L M A N U E L T Q I
R A R A C O R G O M O
E F P G X R Z A B E H
N L T O V C C D M X Q
C O N S U E L O D I O
I E Q T G L A Ñ U C R
O T I O R I H E A O Q
E V A L L A D O L I D
A B E B E D E I R A T**

Florencio nace o 23 de _____ de 1903.

A nai de Florencio chamábase _____ .

Estudou a carreira de _____ .

O seu primeiro libro de poemas titulábase _____ .

Despois da Guerra Civil tivo que exiliarse a _____ .

(Catro estrofas)

Do río de Farellos
aí vén a caldeira
para matar a sede
de todas as terras.

Espelliño ledo,
cristal manseliño,
vén cantaruxando
á beira dos camiños.

O seu ben reparte,
cal samaritana,
e acaba pobriña,
e morre escoada.

Bebe o boi marelo,
bebe a mansa besta
beben as herbiñas...
todos beben dela!



QUE SABES DA POESÍA A CALDEIRA?

1. Que é unha caldeira? Colorea a resposta verdadeira.

**LEITO ARTIFICIAL
QUE SE FAI PARA QUE
CORRA A AUGA POR EL.**

**RECIPIENTE DE VIDRO
OU METAL QUE SERVE
PARA BEBER.**

**FROITO COMESTIBLE
DA MACEIRA, DE CARNE
BRANCA E PEL FINA.**

**FEMIA DO BOI, DO
QUE SE APROVEITA O
LEITE, A CARNE E A
PEL.**

2. De que río vén a caldeira?

3. Como vén a caldeira á beira dos camiños?

4. Quen bebe da caldeira? Colorea tres pingas.



5. Une e pinta da mesma cor cada nome que aparece no poema co adxectivo que lle corresponda.

cristal 

boi 

espelliño 

besta 

 **ledo**

 **manseliño**


 **mansa**

 **marelo**

6. Completa esta estrofa inspirada no poema *A Caldeira* cos sinónimos do recadro. Fai unha ilustración.

regadoira secura hortas

Do río de Farelos
aí vén a _____
para matar a _____
de todas as _____.



7. Inventa outro título para o poema *A caldeira*.



8. Le o texto e arrodea as respostas correctas.

A caldeira do río Farelos vén a...

- a. apagar os lumes forestais.
- b. matar a sede de todas as terras.
- c. mover os muíños do río.
- d. facer ruído nas fervenzas.

A caldeira vén cantaruxando...

- a. á porta da miña casa.
- b. polo parque da aldea.
- c. á beira do camiño.
- d. detrás da escola de infantil.

E da caldeira bebe...

- a. a nena que está coas ovellas.
- b. o boi marelo, a mansa besta e as herbiñas.
- c. a troita que está moi gorda.
- d. o paspallás e a cotovía.

A Caldeira é un..

- a. conto.
- b. novela.
- c. banda deseñada.
- d. poema.


9. A palabra «samaritana» provén dunha persoa que lle gustaba axudar á xente. A auga, neste caso, tamén pode axudar de moitas formas á xente. Escribe tres.

1. _____

2. _____

3. _____

10. Resolve o encrucillado do poema *A caldeira* con palabras que aparecen no texto.



HORIZONTAIS

1. Leito artificial que se fai para que corra a auga por el.
2. Nome do río da bisbarra de Valdeorras que aparece no poema e do que vén a caldeira.
3. Touro castrado que se emprega como animal de tiro.
4. Gana de beber.
5. Que se move ou discorre suavemente, lentamente.

VERTICAIS

- A. Calquera animal.
- B. Que sente ledicia. Alegre, contento, feliz.
- C. Curso de auga doce, que desemboca no mar, nun lago ou noutro río.

HORIZONTAIS: 1. CALDEIRA 2. FARELOS 3. BOI 4. SEDE 5. MANSAA
VERTICAIS: A. BESTA B. LEDO C. RÍO

11. A auga está presente en grandes cantidades en moitos alimentos. Ordena alfabeticamente os alimentos e descubrirás a cantidade de auga que contén cada un.

mazá queixo leituga salchichón pataca

1	94%	2	84%	3	65%
_____		_____		_____	
	4	35%	5	30%	
	_____		_____		

12. Á besta, no poema, o autor ponlle o adxectivo «mansa». Que adxectivos empregarías para os seguintes animais?

- LOBO** ▶ _____
- PORCO** ▶ _____
- CABALO** ▶ _____
- XABARIL** ▶ _____
- GATO** ▶ _____



13. Escolle as sílabas axeitadas e atoparás cinco ríos de Galicia.

DE MI MAN BRE ÑO TAM O LLA E U O

□ □ □ ▶	_____	□ □ ▶	_____
□ □ ▶	_____	□ □ ▶	_____
		□ □ ▶	_____

Mandeo - Miño - Eo - Ulla - Tambré

14. Caldeira ten varios significados, todos relacionados coa auga (recipiente, canle...) Atopa na seguinte sopa de letras recipientes que se usan para conter auga.

BOTELLA VASO PORRÓN GARRAFA BIDÓN CISTERNA

E	B	Ñ	G	R	U	T	O	P	R
N	I	L	T	I	O	S	D	Z	C
U	D	H	S	E	R	V	T	I	I
B	O	T	E	L	L	A	P	L	S
F	N	G	Ñ	R	U	S	X	C	T
T	V	P	O	R	R	O	N	U	E
P	O	B	L	F	E	T	Ñ	V	R
R	D	I	T	Z	X	R	P	A	N
T	E	H	G	A	R	R	A	F	A



15. As metáforas sirven para establecer semellanzas. Neste caso, o río Farelos con un espelliño de cristal. Que pensas ti que significan estas metáforas?

Caían do ceo boliñas de algodón ▶ _____

Subíase polas paredes ▶ _____

O seu corazón é enorme ▶ _____

O tempo é ouro ▶ _____

Caían do ceo folerpas de neve. Nevaba.
 Éstaba moi nervioso.
 É moi boa persoa.
 O tempo vale moito, é importante aproveitalo.

PANDEIRADA

FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN
GALICIA INFINDA

(Tres estrofas)

Nenas, vinde á pandeirada,
que sinto, no peito o adufe
do meu desexo, rapazas.

Os ollares churrusqueiros
son mans a bater no adufe
que anda a soar no meu peito.

Nenas, vinde á pandeirada,
a pór acordes co adufe
as ferreñas das risadas.



*adufe: instrumento de percusión
parecido ao pandeiro*

QUE SABES DO POEMA *PANDEIRADA*?

1. Quen é o autor do poema *A pandeirada*? Colorea.

María Mariño Carou

Manuel María Fernández Teixeiro

Florencio Manuel Delgado Gurriarán

Bernardino Graña Villar

Luz Pozo Garza

2. Que é unha **pandeirada**? Sinala.

- Vehículo de dúas rodas, con dous pedais, cadea e piñón.
- Composición musical acompañada de pandeiros.
- Peza de vestir exterior, con mangas e aberta por diante.
- Aparello de pesca, en forma de gaiola, de forma cilíndrica.

3. E un **adufe**, que é? Sinala.

- Insecto de gran tamaño, de cor negra e loura.
- Instrumento musical de vento, cun fol e varios tubos.
- Árbore de follas perennes moi empregadas como condimento.
- Instrumento musical de percusión, semellante ao pandeiro.

4. Onde lle soaba o adufe? Pinta a resposta verdadeira.

Na cabeza

No peito


Nos pés

Nos xeonllos

Na orella


5. A quen invitaba o protagonista a vir á pandeirada?

6. Con que batía no adufe? Colorea.



7. Completa co singular ou plural que corresponda.

SINGULAR	PLURAL
	mans
adufe	
	ollares
pandeirada	



8. Ponlle significado ás seguintes expresións:

A fume de carozo !

Verlle as orelas ao lobo!

Buscarlle tres pés ao gato!

Nunca choveu que non escampara!

9. Une cada nome co instrumento que lle corresponde.

GAITA

BOMBO

PANDEIRETA

TAMBOR

CASTAÑOLAS

CHARRASCO

[Empty box]

[Empty box]

[Empty box]


[Empty box]

[Empty box]

[Empty box]


10. Saberás colocar o nome de cada peza da roupa da bailadora onde lle corresponde?

**ZAPATOS SAIA PANO MEDIAS DENGUE
ENAGUA MANDIL CAMISA**




11. Resolvemos a sopa de letras dos instrumentos musicais?

**CHARRASCO
CASTAÑOLAS
GAITA
ADUFE
PANDEIRO
TAMBOR
ZANFOÑA
CHIFRE
REQUINTA**



12. Colocamos cada nome onde lle corresponde?

**POLAINAS MONTEIRA CHALECO
CALZÓN FAIXA CIROLAS CAMISA**



13. Que instrumento é: **tambor**, **pandeireta**, **frauta**, **adufe** ou **gaita**?

Instrumento de percusión de orixe árabe semellante ao pandeiro.


Instrumento de percusión, cilíndrico cos fondos forrados de pel sobre a que se bate con baquetas.

Instrumento de vento que consta dun fol e de varios tubos de madeira.

Instrumento musical de vento formado por un tubo oco con varios buratos.

Pandeiro pequeno e redondo con ferreñas. Tócase movéndoo cunha man e golpeándoo contra a outra.

14. Hai unha expresión en Galicia que é «falas cos ollos» porque, moitas veces, estes transmiten sentimentos. Que cres que expresan estas miradas?



15. Serás quen de localizar as cinco diferenzas nestes debuxos?

